



LAMAS NAS ORIXES DA NARRATIVA GALEGA

Modesto Hermida


Se nos atemos a textos dos que se teña constancia da súa publicación, diante das aportacións narrativas de Valentín Lamas Carvajal tan só hai constancia dun relato absolutamente aural, o “Conto galego” de Rosalía de Castro, de 1864, e ese tan divulgado acontecemento que foi a publicación de *Maxina ou a filla espúrea* no folletín de *La Ilustración Gallega y Asturiana* en 1880, porque “Unha noite na casa do tío Farruco do Penedo”, de Laureano Guitián Rubinos, pese a ter sido galardoado en Lugo no ano 1877, tivo que agardar ó mesmo ano de *Maxina* para que Soto Freire se ocupase da súa edición. De tódolos textos citados, por ser o abreportelos do xénero, por ser obra de quen foi baluarte do Rexurdimento e polas sombras ou dúbidas que lle acubillaron xénese e autoría, merece algunha consideración o

relato de Rosalía de Castro: Como “Conto galego” deuno a coñecer en Buenos Aires Manuel Castro López, no seu *Almanaque gallego para 1923*, e diversos estudosos, entre os que destacou Fermín Bouza Brey, sempre llo atribuíron a Rosalía de Castro, mesmo se daba noticia da existencia dun descoñecido manuscrito que confirmaba a autoría; pero en 1995, M. C. Ríos Panise cóntanos como ese texto resulta de todo coincidente co que foi publicado en 1864 no folletín de *El Avisador* da Coruña, co título *Contos da miña terra* e asinado coas iniciais R. C., feito que sementa dúbidas, dado o descoñecemento do manuscrito antedito, porque Couceiro Freijomil, no seu *Diccionario Biobibliográfico*, atribúe esta peza a Ricardo Caruncho Crosa, o que desminte Ríos Panise por razóns puramente cronolóxicas, e a un de todo descoñecido Ricardo Camino;

con todo, en datas ben recentes, Andrés Pociña e Aurora López dan co misterioso manuscrito, dende o que, ó parecer, se pode afirmar sen lugar dúbida que quen había ser orixe e suprema estatura lírica do Rexurdimento xa fora aurora absoluta da nosa narrativa.

Con estes antecedentes, de segu-ro para el descoñecidos, Valentín Lamas Carvajal inicia en 1876 ese monumento pioneiro da prosa e da prensa en galego que foi no que, alén de considerarmos textos anteriores a 1880 que ben poderían aproximarse á narrativa tanto coma algún dos que foi acollido en *Gallegada. Tradicións, costumes, tipos e contos da terriña*, foron publicados sen sinatura tódolos relatos que conforman o volume -editado este en 1887- entre abril de 1884 e xullo de 1886, o que

Valentín L. Carvajal



SE PUBLICA
LOS DÍAS 8, 15 Y 22

REVISTA DECENAL ILUSTRADA

OFICINAS
LEON, 12, PRINCIPAL

TOMO II

MADRID 28 DE JULIO DE 1880

NUM. 21

Colaboradores literarios: Arcebal (D. Juan).—Alta (D. Genaro y D. Leopoldo).—Alvarado (D. Salustio).—Alvarez Amandi (D. Justo).—Alvarez Bugallal (Excmo. Sr. D. S.).—Alvarez de Castro (D. Camilo).—Alvarez Inusa (D. Waldo).—Habana. —Alvarez de Lainezana (Excmo. Sr. D. J.).—Alvarez Millares (D. Eduardo).—Ariana. —Aramburo y Zalaga (D. Felix).—Arenal (Doña Concepcion).—Arias de Miranda (D. Jose).—Arnesto (D. Indalecio).—Armiño (Doña Robustiana).—Avenida (D. Teodoro).—Aza (D. Vital).—Baldin de Uaquera (Ilmo. Sr. D. A.).—Barroí (D. Manuel).—Barru-Aren. —Becerra Arnesto (D. Jose).—Becerra (Excmo. Sr. D. Manuel).—Calzada (D. Rafael).—Bueno-Aren. —Calzado (D. Adolfo).—Camposomar (Excmo. Sr. D. Ramon de).—Cancio Villamil (Ilmo. Sr. D. M.).—Candela Meana (Ilmo. Sr. D. B.).—Candela y Secades (D. Fermín).—Caso (D. Jose Indalecio).—Castro de Murguía (Doña Rosalia).—Cavada (Ilmo. Sr. D. Jose).—Cepeda (D. Francisco).—Habana. —Cid Osorio (D. Vicente).—Compañel (D. Juan).—Civadas. —Corral (Doña Clara y Doña Rita).—Cerro Vailis (D. V.).—Cuesta (Ilmo. Sr. D. J. Pelayo).—Cuesta (D. Teodoro).—Carrón Enriquez (D. Manuel).—Cuervo (D. Claudio).—Cháiz (Excmo. Sr. D. Eduardo).—Escalera (D. Evaristo).—Feijóo (D. Teodoro).—Fernandez y Gonzalez (D. Modesto).—Flores (D. Jose M.).—Fuertes Acero (D. Maximo).—García del Real (D. Timoteo).—García Riega (D. Celso).—García Rivera (Doña Ventura).—Gonzalez Alegre (D. Jose).—Gonzalez (Ilmo. D. Fr. Ceferino).—Gonzalez Liana (D. Manuel y D. Felix).—Gonzalez Olivares (Ilmo. Sr. D. A.).—Gonzalez Regueral (D. Salustiano).—Guisasa (Ilmo. Sr. D. Victoriano).—Jove y Bravo (D. K. K. gela).—Jove y Hvia (Ilmo. Sr. D. Placido).—Labra (D. Rafael María de).—Lamas Carvajal (D. Valentin).—Lavede (D. Guimerodio).—Lizaso Rivas (D. Aureliano).—Londá Astury (D. Benito).—Luzano (Ilmo. Sr. D. Juan).—Luzaco (D. J. Ramon).—Machado y Alvarez (D. Antonio).—Martinez (D. Saturnino).—Habana. —Meléndez (D. José Ramon).—Meléndez de Luarca (D. Alejandro).—Meléndez Pidal (D. J.).—Meléndez Rayon (D. Damian).—Meléndez Valdes (D. Mariano).—Miljares Real (Doña Emilia).—Montero Añotegui (D. Jose).—Montero Rios (Excmo. Sr. D. Eugenio).—Mosquera (Excmo. Sr. D. T. M. y D. A.).—Murguía (D. Manuel).—Murais (D. Andres y D. Jesus).—Ojea (D. Jose).—Ollqui (D. Emilio).—Palacio Valdés (D. Armande).—Pallares (Sr. Coade de).—Pando y Valle (D. Jesús).—Pardo Bazan (Doña Emilia).—Paz (D. Juan Manuel).—Pellegri y Cañón (Excmo. Sr. D. M.).—Peña Rucabado (D. Manuel).—Pereira (D. Aureliano).—Perez Moris (D. Jose).—Ponte-Ria. —Perez Varcia (D. Hipólito).—Habana. —Pico de Coaña (D. Justo).—Pidal y Mox (D. Alejandro).—Páez y Rosas (D. Camilo).—Pondal (D. Eustacio).—Posla (D. Jose M.).—Posada Herrera (Excmo. Sr. D. Jose).—Puentes y Bradas (D. Ricardo).—Page (D. M. M.).—Quintaneta (D. Alejandro).—Quintana (D. Lorenzo N.).—Rodríguez Seoane (Ilmo. Sr. D. Luis).—Romero Ortiz (Excmo. Sr. D. Antonio).—Roa Figueroa (D. Manuel).—Rodríguez Arango (Excmo. Sr. D. Marcelino).—Rodríguez Mourio (D. José).—Rodríguez Cetracido (D. Jose).—Rosado (D. Francisco).—Saco y Arce (D. J.).—San Julian (D. Fernando).—San Roman (Doña Josefa).—Salgado (D. Antonio y D. Jose).—Segade Camposomar (D. Ramon).—Sicito (D. Juan).—Silva (Doña Micaela de).—Sintez Bravo (D. Ceferino).—Suarez Inclán (D. Estanislao).—Taboada (D. Luis).—Taboada de la Riva (Ilmo. Sr. D. Matcilio).—Valledares (D. Marcilio).—Valle (D. Ramon).—Vallin (Ilmo. Sr. D. Acucio F.).—Vallina (D. Inocencio de la).—Vazquez (D. Antonio).—Vazquez Quijpo (Ilmo. Sr. D. Vicente).—Vicenti (D. Alfredo).—Villamil y Castro (D. Jose).—Villar (D. Rafael).

Diantes das aportacións narrativas de Valentín Lamas Carvajal tan só hai constancia dun relato absolutamente auroral, o “Conto galego” de Rosalia de Castro, de 1864, e ese tan divulgado acontecemento que foi a publicación de Maxina ou a filla espúrea no folletín de La Ilustración Gallega y Asturiana en 1880.

nos demostra a condición de pioneiro da narrativa en galego – máis aínda da prosa nesta mesma lingua– que temos que recoñecer en Lamas Carvajal. Pero ademais dos textos acollidos en *Gallegada*, Lamas Carvajal non deixou de proxectar a súa veta narrativa en *O tío marcos da Portela*, sen que estoutros abondosos textos fosen xamais acollidos en libro ata que o profesor Rafael Adán Rodríguez se ocupou, no ano 2004, de editar a obra narrativa completa, na colección *Narrativa Recuperada* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, baixo o título *Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal*. Entre as moi diversas


prosas alleas a *Gallegada* con feitura narrativas, podémos atopar, poñendo máis énfase na narratividade ca na totalización, retratos de personaxes como o do famoso estrafalarío “Xan da Cova” ou algo con pretensión non mal lograda de simbolizar a tipoloxía do galego rural medio, como “Xan paisano”, estampas sociocostumistas como “Testamento dun maestro de escola” ou “Por namorar no tren”, picarescos, na mellor tradición hispánica, como “Conto de antroído” ou “Máis gato por lebre”, entre unha diversidade non moi doada de clasificar, como “O que faltan son os homes”, “Mallar en ferro frío”, “A xuntanza de bruxas”, “Por onde lles doi ás solteiras”, etc.




Se sorprende esta intensa e nada desdeñable veta narrativa de Lamas Carvajal, máis sorprende a fortuna literaria que alcanzaron os relatos, tanto na súa época coma en posteriores, pois, ademais das sucesivas edicións parciais ou das inclusións en escolmas varias dos textos máis narrativos de *Gallegada*, poderíase afirmar que non existiu publicación periódica cun mínimo compromiso galeguista, ben na Terra ben nas diversas paisaxes da diáspora, que prescindise das reproducións dos seus textos ou, mesmo, dalgunha colaboración directa; a saber: *A gaita gallega* e *O Galiciano*, nos anos oitenta do século XIX, *Galicia moderna*, nos anos noventa, *Follas novas* e ambos *El eco de Galicia*, nos primeiros anos do século XX, entre outras publicacións menos significativas e outras épocas ben máis distanciadas do protagonista.

Despois desta somera aproximación descriptiva á extensa obra narrativa de Lamas, no marco dunha moito máis ampla prosa cando a prosa en galego aínda era escasísima, procede achegar algunhas valoracións socioestéticas e literarias para podermonos debuxar unha idea clara do significado deste teimudo, comprometido e intenso traballador da pluma ó servizo dunha lingua e dunha identidade. En primeiro lugar cómpre destacar, sobre todo, o compromiso coa lingua e cos seus falantes, a paisanaxe rural galega que sufría as aldraxes e as dependencias do caciquismo, a tal extremo que Lamas, aínda no seu pouco xustificable cleri-

calismo e non coa intensidade nin coa extensión desexables, chegou a afeax por escrito a conducta clerical que, nalgún caso, traspasaba os soportables niveis de prepotencia sobre a sufrida paisanaxe. Destaca, ademais, o compromiso co progreso, un compromiso que en ocasións concretou na insistente reclamación do ferrocarril para Galicia, e o compromiso coa galeguidade cultural e cos seus próceres do pasado e do presente, aínda con aqueles que non andaban na súa liña lingüística, como puido ser Pardo Bazán, de quen será difícil atopar algún texto traducido ó galego, de non ser os que aparecen en *O tío Marcos da Portela*. Por último, cabe indicar que pese ó pragmatismo utilitarista ó que se sometía Lamas Carvajal, precisamente por ese compromiso coa lingua e co país que xa deixamos indicado, demostra nos mellores textos de *Gallegada* o seu intenso coñecemento da lingua e a considerable capacidade de literaturizala en textos narrativos, sen guía nin antecedentes, sen tan siquiera unha norma gráfica ou morfolóxica da que botar man para se encerellar literariamente a gusto. Tamén se nos manifesta, con toda a orixinalidade que sempre facilita un ámbito absolutamente ermo, como un mestre do costumismo e do realismo ruralista con tódalas posibilidades de crítica, de picardías ou de picaresca, con tódalas posibilidades de humor e ata de comicidade que nunca se reducen á simple e impertinente hilaridade.



**Valentín Lamas Carvajal
inicia en 1876 ese
monumento pioneiro da
prosa e da prensa
en galego que foi
O tío Marcos da Portela.**



**Ademais dos textos
acollidos en *Gallegada*,
Lamas Carvajal non deixou
de proxectar a súa veta
narrativa en *O tío Marcos
da Portela*.**